



SERVIZO DE ORIENTACIÓN LABORAL AGRUPACIÓN VILASANTAR, SOBRADO E CURTIS

BOLETÍN DE EMPREGO SEMANA DO 11 DE ABRIL DE 2019

CARRETELLEROS/AS ALMACÉN PARA CURTIS

A empresa Eulen Flexiplán esta seleccionando Carretilleros/as para Almacén con carnet e ampla experiencia en manexo de carretilla.

Funcións:

- Carga, descarga e manipulación da mercancía.
- Colocación de mercancía na súa ubicación.
- Preparación de pedidos.
- Xestión do almacén.

Ofrecen:

- Incorporación Inmediata
- Contratación temporal de longa duración, con posibilidades de incorporación a empresa.
- Horario rotativos (mañá tarde e noite)
- Salario según convenio

Oferta publicada en Infojobs, inscrición a través da web: www.infojobs.net

PANADEIRO/A PARA BETANZOS

Urxe panadeiro/a con experiencia preferiblemente, información no 679051620. Oferta publicada en Milanuncios.

SUPERVISORES MECÁNICOS EN CURTIS

A empresa Agnhos Servizos de Ingeniería precisa incorporar para un proxecto de Planta de Biomasa a un Supervisor Mecánico con experiencia de polo menos 5 anos en (Ciclos Combinados, Centrais Térmicas etc). Proxecto de duración determinada.(3 meses).

Oferta publicada en Infojobs, inscrición a través da web: www.infojobs.net

REPARTIDORA/A DE FURGONETA PARA A CORUÑA

A empresa Externa busca incorporar un repartidor/a, en xornada de luns a venres, horario partido. As persoas interesadas deberán inscribirse na oferta de emprego publicada na web: www.infojobs.net

TÉCNICO/A DE LIMPEZA INDUSTRIAL PARA MELIDE

Mantelnor Limpiezas selecciona a unha persoa con experiencia en limpeza en fábricas e establecementos industriais para a zona de Melide. Valorarase curso de elevador e traballo en altura. Oferta publicada en Infojobs, inscrición a través da web: www.infojobs.net

ÓPTICO E OPTOMETRISTA PARA MELIDE

Necesítase óptico-optometrista para Melide, posto estable e xornada completa. Salario a convir mais incentivos. Tamén se necesita óptico para cubrir baixa de maternidade de longa duración en Padrón. Boas condicións. Oferta publicada en Infojobs, inscrición a través da web: www.infojobs.net

COMERCIAL + MANTEMENTO PARA ARZÚA

A empresa Agrícola Sebio, S.L. precisa persoa para venda de produtos para os instalacións de ordeño, granxas. Que preste servizo mínimo de mantemento e reparación de equipos de ordeño. Oferta publicada en Infojobs, inscrición a través da web: www.infojobs.net

INSTALADOR E MANTEMENTO PARA ARZÚA

A empresa Agrícola Sebio, S.L. precisa persoa para instalación, mantemento de equipos voluntarios de ordeño (robot), salas e circuítos de ordeño, equipos de frío, equipos de limpeza. Con coñecementos en eléctrica, electricidade, robotica, soldadura.

Oferta publicada en Infojobs, inscrición a través da web: www.infojobs.net

RESPONSABLE DE PRODUCCIÓN DE MOBLES EN ARZÚA

Categoría oficial primeira fabricación de mobles. Experiencia en xestión de equipo de traballo. Manexo de programas informáticos de xestión de produción. Manexo de control numérico, canteadora e outra maquinaria de carpintería de madeira. Coñecementos de instalación de mobles. Habilidades na xestión e optimización dos recursos produtivos, control de almacén, xestión de pedidos, etc. Oferta publicada en Infojobs, inscrición a través da web: www.infojobs.net

SOLDADORES TIG MIG SANTIAGO

Traballo a xornada completa. Contrato de 3 meses a xornada completa. Empresa: Grupo Externa. Interesados contactar con Vanessa no teléfono: 981005612 AXENTES DE

AXENTE DE SEGUROS OCASO ZONA CURTIS, ARZÚA, SOBRADO, VILASANTAR.

Plan de formación durante tres anos. Contrato mercantil regulado por el sector

PSICÓLOGO/A PARA BETANZOS

O concello de Betanzos publicou unha praza de funcionario/a interino/a de Psicólogo/a de Servizos Sociais. BOP Núm 68, do 9 de abril de 2019.

CAMARERO/A PARA BETANZOS

Urxe camareiro/a para Betanzos, oferta de emprego publicada en Milanuncios.

EMPREGO EN DECATHLON

Decathlon busca Responsables de Sección para a zona de Santiago, Oleiros, Ferrol e A Coruña. Ademais de Apaixonados do deporte, non é necesaria experiencia, para a zona de Santiago, Oleiros, Ferrol e A Coruña. As persoas interesadas deben inscribirse na súa web de emprego: trabajaconnosotros.decathlon.es

ARQUITECTO PARA OLEIROS

O Concello de Oleiros publica unha praza de Arquitecto. BOP Num. 69 do 10 de abril de 2019.

CASTING DE FIGURANTES EN SADA

Vaca Films, responsable de "La sombra de la Ley", "El desconocido", "El Niño" ou "Celda 211", abre o casting en Sada na procura de figurantes, traballo remunerado, para serie de televisión a nivel nacional. A rodaxe terá lugar durante a primaveira e verán do presente ano en distintos puntos de Galicia (A Coruña, Ferrol, Vigo, As Pontes, Carballo, Sada, entre outros).

Casting: Mércores 17 de Abril na Omix de Sada (Oficina da Xuventude) en horario de 10.00 a 14.00 horas e de 16.00 a 20.00 horas. As persoas que non poidan acudir ao casting deberán enviar os seus datos persoais

acompañados de 3 fotos a: figuracionvaca@gmail.com

PERSOAL DE LIMPEZA PARA SANTIAGO

5 postos vacantes. Disponibilidade de luns a domingo, con carné de conducir e vehículo. Máis información e inscrición na oferta en: axencialocaldecolocacion.org/ofertas

PERSOAL PARA O PAZO DE XAZ EN OLEIROS

A empresa Hostess en Pazo de Xaz busca unha persoa dinámica, con habilidades comunicativas, coñecementos en protocolo e disponibilidade horaria para contratar a xornada completa. As persoas interesadas deberán enviar unha solicitude a través da páxina de Facebook do Pazo de Xaz.

PROCESOS DE SELECCIÓN HIJOS DE RIVERA, S.A.U EN A CORUÑA

- Beca Social Media
 - Técnico/a de calidad de procesos.
- Máis información e inscrición en www.linkedin.com

CAMARERO/A PARA BERGONDO

Necesítase camareiro/a para barra e sala para Espírito Santo. Persoa responsable e ganas de traballar. Con experiencia demostrable en restaurantes. Ofrécese xornada completa, quendas variables (maña e tarde). Preferible con vehículo propio por dificultade horaria con transporte público. Máis información ou envío de currículum a través da páxina web de milanuncios.com

CONDUCTOR DE AUTOBÚS PARA ARZÚA

Para transporte escolar e discrecional. Contrato temporal e posteriormente indefinido, xornada completa 40h semana. Requisitos: carné D e CAP. Envío de cv na páxina web axenciadecolocacion.org

AXUDANTE DE COCIÑA PARA OZA - CESURAS

En o restaurante A de Maruxa en Cesuras, buscan un/unha axudante de cociña para os fins de semana e os festivos. As persoas interesadas poden poñerse en contacto no teléfono 649731686. Oferta de emprego publicada no seu Facebook.

FORMACIÓN

CURSO DE AGRICULTURA ECOLÓXICA. ASOCIACIÓN RAIÑA. VILASANTAR.

Queres aprender a cultivar a túa horta de xeito ecoLOXICO? Cómo planificala para comer ó longo de todo o ano, a sementeira ou a loita biolóxica para pragas serán algúns dos contidos. Luns e martes de 16 a 20h.

Horario: Luns e Martes de 16.00 a 20.00 horas. Datat: do 22 de abril ao 15 de xuño de 2019.

Lugar de impartición: Escola de Agricultura Ecolóxica de Vilasantar.

Posibilidade de xestionar Beca polo desprazamento.

Máis información e reservas 693747500 (Asociación Raíña).

AXUDAS A EMPREENDEDORES/AS E EMPRESARIOS/AS

REFORMATUR2019

Hoteis, albergues e casas de turismo rural poden solicitar as axudas do ReformaTur2019 que activou a Consellería de Economía e Industrial. Obxecto da axuda: mellorar os establecementos existentes e fomentar a creación de novos, apoiando o sector financeiramente.

Prazo de solicitudes ata o 30 de abril de 2019. Máis información: Servizo de Orientación Laboral.

PROMOCIÓN DO EMPREGO AUTÓNOMO

Estas axudas ten por obxecto fixar as bases reguladoras e proceder á convocatoria das subvencións establecidas pola Consellería de Economía, Emprego e Industria para o ano 2019 coa finalidade da promoción do emprego autónomo e a súa consolidación mediante incentivos á contratación indefinida inicial de persoas desempregadas realizada polas persoas traballadoras autónomas ou persoas profesionais con domicilio social e fiscal en Galicia.

Liña 1: Promoción do emprego autónomo. Axudas económicas a persoas que inicien actividade empresarial entre o 1 de outubro de 2018 e o 30 de setembro de 2019, ambos inclusive

Liña 2: Axudas para a contratación indefinida inicial de persoas desempregadas.
Prazo de solicitude: 26/01/2019 - 30/09/2019.

A DEPUTACIÓN CONVOCA AS AXUDAS DO PEL 2019 Á CONTRATACIÓN E O EMPRENDEMENTO

O Plan de Emprego Local (PEL) da Deputación da Coruña destinará durante 2019 un orzamento de 5,26 millóns de euros para apoiar ás pequenas e medianas empresas da provincia na contratación de novos traballadores e traballadoras e para apoiar aos emprendedores/as da provincia no impulso ás iniciativas empresariais da recente creación.

O Boletín Oficial da Provincia publica hoxe 6/3/19 as bases das liñas de subvencións PEL- PEMES e PEL- EMPRENDE 2019. Tipos de liñas:

- Inversión: Para que os autónomos e empresas poidan realizar inversións nas súas empresas. O porcentaxe máximo a conceder é do 80% sobre o presuposto presentado ata /un máximo de 20.000 euros.
- Contratación e Mantemento de Persoal nas empresas.
- Actividades (Responsabilidade Social Empresarial, Marketing e Comunicación e Competitividade de Expansión).

Prazo de solicitude ata o 22 de abril de 2019. Máis información: Servizo de Orientación Laboral.

DATOS DE CONTACTO DO SERVIZO:

Para apoio no envío de cv ou máis información.

Teléfono: 981789003 (Excepto os mércores de 12.00h a 15.00h en 981778169).

Email: susana.nieto@curtis.gal

